

Pregón de Begonte - Nadal, 1997

Cando a xente do Belén de Begonte me invitou a vir aquí, a esta terra do Belén, a pronunciar o Pregón do Nadal do presente ano, a miña primeira idea, a miña primeira reacción foi a de declinar a invitación, e non por falla de relación ou amizade, senón por coidar que hai moita xente, moitísimas persoas, con moito máis dereito ca min para falarlles a vostedes - para falarvos a vós, amigos do Belén e polo tanto meus - do Belén, de Begonte, do Nadal, e do especialísimo espírito que aquí reina nestas datas.

Pero a tentación de pedir ser relevado desta responsabilidade non durou máis que un segundo, e tiveren que dicir que sí.

É para min unha grandísima responsabilidade estar aquí, hoxe, falándolles... por ser en Begonte, por ser do Belén, por ser neste altar da igrexa parroquial begontina...

Pero tamén é unha grandísima ledicia a que me embarga porque me chamárades a esta Casa de todos, a falar do voso Belén, a min que levo tantos anos vindo aquí como amigo, como visitante, como peregrino, á vez que como representante da primeira institución da provincia - A Deputación Provincial de Lugo - que ten a este Belén como unha xoia moi valiosa dentro do conxunto de bondades e riquezas que a provincia ofrece.

Desde o primeiro momento acolléstedesme como amigo, e como amigo vin sempre e seguirei vindo, porque reina aquí un clima especial de amizade, de irmandade... e pouco importa que os tempos do Belén sexan os máis crudos do inverno para comprobar que Begonte é un pobo caluroso, que recibe con calor, que da calor, que imprime calor en todo o que realiza.

Eu chego desde A Pontenova, o lugar de onde son Alcalde, unha terra verde, montañosa, de alma mineral forte, onde aínda os máis vellos teñen querencias mineiras porque as minas foron o sustento dos

.../...

devanceiros, e característica esencial dun pobo no que uns vellos fornos restaurados acreditan que sabemos respecta-las tradicións e ademira-lo traballo dos que nos precederon.

Veño a Begonte e comprobo que o mesmo acontece aquí, aínda que a orografía sexa ben diferente... Na miña Pontenova temos un río -o Eo- que é a arteria que da vida e fertiliza a terra... En Begonte tédes o Ladra, afluente do Pai Miño, o gran fertilizador das terras de Galicia, que enche de cantares milenarios as vosas ribeiras e que está ahí mesmo, case tocándolle coa man para o lecer e para a vida.

Na Pontenova temos montes e vales profundos ós que o Sol se asoma con asombro... En Begonte tedes aire aberto, terra chá, e esa é a única diferenza... Porque sabedes do primeiro raiolo do sol pola mañán e seguídelo coa vista ata que se pon... Por eso tiña que nacer aquí este Belén no que un Neno-Sol se fixo querer desde sempre e mentras dura o día - un día de cen anos, de mil anos - está no alto lembrándonos cousas que son verdade sin fin, lembrándonos que este mundo non é máis que un paso previo a outro mellor.

Coma na miña terra, tamén aquí sodes herdeiros dos devanceiros e respectades o seu traballo, e as igrexas, os cruceiros, os pazos, seguen a proclamar que nada hai novo baixo o sol, senón que os mesmos amores, sufrimentos, ledicias, traballos os tiveron os que viñeron antes que nós a esta terra.

Coma na miña terra, en fin, conservades vivas tradicións e crenzas. E o voso Belén, que a todos nos chamou e nos chama cada ano, é a mellor proba de tradición e fe.

Pero as obras son froito do traballo e das ideas das xentes... Eu coñecín a un home bo que traballou por esta terra, que serviu ás súas xentes, que se chamaba José Domínguez Guizán e todos, respectuosamente, chamabamos DON JOSE.

Por culpa del estamos aquí. Pola súa culpa, pola súa grandísima



.../...

culpa ó ter inventado fai agora 25 anos - itanto tempo na vida dunha persoa! - un fermoso agasallo para todos nós que vimos coñecendo co nome de BELEN ELECTRONICO DE BEGONTE.

¿Que necesidade tiña DON JOSE de meterse nestes "jaleos"? Don José revolucionou Begonte a base de facer pistas que comunicaban tódolos pobos do Concello; conseguíu un solar para facer o grupo escolar; restaurou unhas vellas dependencias e fixo nelas un Centro cultural modélico; e deu en matinar que era posible facer en Begonte unha testemuña permanente de fe por medio dun Belén que tiña que moverse para simbolizar a vida.

E desde entón, fomos milleiros, moitos milleiros, os que viñemos a Begonte atraídos pola chamada dun Belén vivo, e non só porque a técnica o fai mover senón porque a xente que está ó redor lle da esa vida.

Porque DON JOSE fóisenos, e dalgún xeito puido parecer que deixaba orfo ó Belén, pero de seguida xurdiu alguén que ía seguir coa tarefa... E xurdiu un DON JESUS continuador do traballo e da ilusión, o irmán do fundador para continuar rexindo esta especial, fermosa e atraínte iniciativa.

E xunto a DON JESUS, JOSE RODRIGUEZ VARELA, Varela para os que somos seus amigos (que somos milleiros). Varela foi, é e será o artífice principal de canto aquí se amosa... E arredor de ámbolos dous, un grupo de amigos e colaboradores de tódalas idades, que aportan cada un deles o mellor que ten, merecendo unha mención especial o grupo de rapaces que forma parte dese núcleo do Belén, que son os que manteñen abertas as portas e atenden ós visitantes... Eles son a garantía de futuro para esta fermosa iniciativa do Belén Electrónico de Begonte, dentro do Centro cultural que leva o nome do fundador.

E isto ocorre en Begonte, un pobo pequeno, cunha ampla extensión rural e unha familiar traza urbana á beira da Nacional VI, que por obra e gracia do Belén se convirte na capital do belenismo, o que é o mesmo

.../...

que dicir a capital do Nadal en Galicia.

Esto tenme chamado sempre a atención, como lle chama a atención a cantos coñecen as características deste pobo, das xentes que o forman, e o agarimo con que está rodeada esta iniciativa de fe e de esperanza.

Os presentes sodes exemplo vivo deste agarimo arredor do Belén. Sempre que veño a Begonte, tanto aquí na Igrexa como despois no Belén, hai un abarrote... Certo que hai xente de Lugo, e vexo caras coñecidas de vernos por aló, pero vexo sobre todo caras coñecidas de ver por aquí, de ver con motivo do Belén.

Porque o vir ve-lo Belén, sexa á inauguración e Pregón tal día coma hoxe, sexa na clausura para a entrega dos premios dos diversos certames, sexa coa miña familia como espectador expectante do miragre do voso Belén, un trata coa xente, fala convosco, e fai amigos e coñecidos, e as caras quédanse na retina e logo na memoria.

Por eso eu felicítovos pola vosa fidelidade ó Belén, pola vosa permanente atención ó miragre que aquí se celebra, pero tamén vos animo e vos reclamo esa atención e fidelidade no futuro; porque se o que aquí acontece é de todos nós, para todos nós, é especialmente voso xa que aquí naceu, fixéstedelo medrar, e védelo de novo florecer cada ano agarimado polo voso ánimo, polo voso agarimo.

É vital que conserveades esa mesma fe e - por eso dicía antes o de que esta era unha iniciativa de fe e esperanza - a conserveades no futuro. O futuro precisa, por riba de todo, esperanza... O futuro será proporcional á cantidade de esperanza e de fe que poñamos nel... Pero como xa sabedes eso de que "a fe sin obras é unha fe morta", o futuro será proporcional á cantidade de esperanza e fe que poñamos nel e á cantidade de obras e de esforzo co que apoiemos a fe e a esperanza.

Eu teño esperanza en vós e na vosa fe. E teño absoluta confianza de que este Belén será eterno - na medida en que as obras humanas se



.../...

acheguen á eternidade - porque o pobo de Begonte está detrás del respaldando, apoiando, empuxando, sostendo.

E téñodos, non poido evitalo, ata un pouco de envidia... Quero que sexa sana envidia.

Porque toda persoa anxeia o mellor para o seu pobo. E os que temos responsabilidade de goberno nun pobo procuramos conseguir para el todo o que consideramos o mellor para o progreso material e moral das súas xentes.

E diante do que aquí facedes, algunha vez teño pensado: ¡Que mágoa que non teñamos na Pontenova algo así, para mellor xuntar ás xentes, para mellor vivi-lo Nadal!.

Pero logo, cando o penso mellor, saco a conclusión de que non é que nós - ou vós - teñamos/teñades un Belén para que diante del nos afiancemos máis na fe ou nos xuntemos máis para traballar en común.

O proceso é á inversa... Isto tiña que nacer en Begonte. Tiña que nacer nun lugar no que a forza da xente, as creencias, a tradición, eran tales que permite xurdir este Belén como mostra da forza que teñen os chairegos begontinos. Só fixo falla unha chispa para que se producira o milagre... Esa chispa era aquel DON JOSE, que hoxe -e sempre- lembramos con agarimo.

Non é, pois, trasladable este Belén, nin doado de copiar, nin posible de conseguir noutro lugar. É voso, especialmente voso, begontino por sempre... E cando un quere achegarse a Belén, ó espírito do Belén, ten que vir -peregrino- a Begonte. Eso fago, e seguirei a facer mentras o Neno, a forza que o Neno da, mo permita.

E aquí quero facer especial profesión de fe e de agradecemento, porque algo lle deberei ó Neno de Begonte no favorable resultado dun dificultísimo trance de saúde do que veño de saír. Cada vez que aquí chego, saio con máis forza... Lóxico é que tamén haxa un pouco de

.../...

egoísmo persoal en acudir a esta fonte limpa que vós sabedes coidar.

E vou dando remate xa a este Pregón que vós me inspirades... Cúmprese vintecinco anos de labor nadaleiro en Begonte. Despois de 25 anos de tanta atención, de tanta adicación e de tanta fe, o Neno do Belén ten que estar especialmente predisposto a mirar clemente e amoroso ós que estamos aquí reunidos no seu nome, lembrando o seu paso pola terra e facendo que os máis pequenos - eles son os que mellor aproveitan a forza do Belén - se acheguen a el.

Así pois, para rematar, quero facer ó Neno cinco peticións no meu nome e coido que tamén no nome de todos vós. Pido (no que quero sexa unha oración) Paz, traballo, amplitude de miras, diálogo... e de novo Paz.

A miña oración pide a PAZ con letras maiúsculas e lembra a JOSE LUIS CASO, a máis recente vítima dun terrorismo cego que enche de loito e bágoas a tanta xente que quere vivir en paz... Pídoche, neno do Belén, Paz para esta Patria, que desapareza a lacra do terrorismo inhumano, e veña a paz para tódalas mulleres e homes de boa fe.

Pido logo, na miña oración, traballo para tanta xente necesitada del. Traballo para os nosos rapaces, para que consigan unha plena integración nesta sociedade; traballo para tódalas mans que queren ser útiles a todos. Pídoche que inspires a quenes nos gobernan para dar solución a este mal que tanto nos afecta e conmove.

Pido, Neno de Begonte, que ilumines o noso traballo de tódolos días, para que tódalas accións que emprendamos, especialmente os que temos responsabilidades públicas, sexan transparentes e limpas, en beneficio de todos, procurando o ben común...

Pido, neno do Belén, que na familia - ademáis da paz - haxa diálogo; que saibamos falar de muller a home, de home a muller; de pais a nenos e nenos a pais, porque a inmensa maioría dos problemas teñen solución co diálogo.



.../...

Pido, en fin, Neno Deus, e xa remato, de novo: PAZ. Que desde o teu trono de Begonte nos axudes a vivir un Nadal "como Deus manda", como ti queres... Que aprendamos a convivir sabendo que o dereito noso remata onde comeza o dos demais; sabendo que todos temos os mesmos dereitos, que ninguén hai superior a ninguén diante dos teus ollos...

Que as festas que imos vivir, vintecinco anos despois do comezo deste miragre de Begonte, sexan para todos nós auténticas festas en Paz.

Deséxovolo para todos vós, como o desexo para a miña familia, o meu Concello, e tódalas terras de Lugo. ¡Bo Nadal!.